

**A ESCRITA EN GALEGO
NO SÉCULO XVIII.
AS DÉCIMAS CONTRA
ZERNADAS**

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

DOI: [10.17075/cbfc.2020.010](https://doi.org/10.17075/cbfc.2020.010)

1. INTRODUCCIÓN

En xullo de 2017 publicamos un libro no que dabamos a coñecer un manuscrito inédito en galego do século XVIII atopado na viguesa Fundación Penzol. Tratábase dun texto sen datar e sen emisario coñecido que contiña cincuenta décimas satíricas dirixidas contra don Diego Zernadas, máis coñecido como o Cura de Fruíme (Fernández Salgado 2017)¹. A importancia da descuberta deste manuscrito ponderabámola non só pola escaseza de escritos en galego no período coñecido como dos *Séculos Escuros* (séculos XVI-XVIII) ou do *galego medio*. A nosa intención era tamén salientar o rexistro lingüístico empregado polo descoñecido autor, a calidade poética dos versos e mesmo a súa extensión, pois esta peza de décimas constitúe o segundo texto máis longo do século XVIII tras as *Coplas* (1747) de Sarmiento. Todo isto, a súa extensión, a súa datación, a súa calidade literaria e o feito de estaren escritas nun galego culto, converte as *Cincuenta décimas* contra o Cura de Fruíme nun texto de referencia obrigada na historia da lingua e da literatura galegas.

Nos apartados que seguen tentamos dar resposta a preguntas como: que son e de que tratan as décimas?; sábese quen e cando as compuxo?; como é o galego usado nelas?

2. A CARTA DAS CINCUENTA DÉCIMAS

O manuscrito que contén as cincuenta décimas é unha longa carta en verso, de tema satírico, escrita en galego, sen asinar e sen datar, ben que, como logo xustificaremos, parece ser de entre 1760 e 1777. Falamos de carta, pois así se indica

¹ No libro recóllese dúas edicións das décimas, unha paleográfica (pp. 13-36) e outra anotada e actualizada ortograficamente (pp. 137-196), amais dun estudo sobre o seu contido, a súa datación e autor e máis unha análise dos trazos gráficos, morfosintácticos e léxicos máis destacados.

nos primeiros versos da décima 9 (“Algun que afecto che cobra, | que esta carta Lea é abra” <D9>)². Ten por emisor un *cavaleiro*, do que non chegamos a saber o nome, e por destinatario a Diego Antonio Zernadas de Castro (1702-1777), o coñecido Cura de Fruíme, un sobranceiro e culto personaxe do século XVIII, eclesiástico, autor dunha considerable obra en castelán (verso, prosa e teatro) e tamén de arredor dunha trintena de composicións poéticas en galego (Pardo de Neyra 2002, García Cortés 2002, Álvarez / González Seoane 2017), moitas de carácter popular e satírico, algunha tamén de carácter teatral, gran polemista e defensor das cousas de Galicia no seu tempo.

O compostelán Diego Zernadas rexentou o curato de Fruíme durante 45 anos: dende 1732, en que chega alí para tomar posesión con apenas 30 anos, ata 1777, en que morre o domingo de Pascua, cando contaba 75 anos. Fruíme era unha montañosa e arredada parroquia, actualmente do concello de Lousame, situada entre Rianxo e Noia, a 5 leguas de Santiago. Este illamento físico en Fruíme ao servizo pastoral dos seus fregueses e do culto á Virxe das Dores, non lle impediu ao Cura levar unha activa vida intelectual e literaria a través da correspondencia. Dela se serviu para manter unhas boas relacións coa cúpula da Igrexa compostelá, por exemplo con Raxoy, Gondar, Riomol, Bocanegra..., con compañeiros colexiais de cando mozo (os Boán, Hermida, Lavandeira...) e tamén con persoeiros galegos que vivían na Corte, sobre todo mercé a mediación do militar Vicente Móñez e a súa muller Catalina Garinverti. Foron moi soadas na época as súas polémicas co Padre Flórez, co Padre Huerta, co xesuíta Juan de Mariana, con Méndez de Silva ou co Padre Isla, sempre en defensa do honor e bo nome de Galicia; e así mesmo as réplicas e contrarréplicas de trasfondo literario cos cóngos santiagueses Fole e Rioboo y Seixas e mais co médico Bedoya e, xa de carácter máis choqueiro, con Rivera y Collazo. Boa parte de todo isto aparece recollido nos sete volumes que abranguen as súas *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime* (OPV 1878-1881), compiladas e comezadas a publicar ao ano seguinte da súa morte.

O coñecemento da obra e vida de Zernadas é imprescindible para o descifrado das cincuenta décimas. Para ambos os aspectos remitimos aos rigorosos traballos de García Cortés (2002), Pardo de Neyra (2002) e ao xa clásico de Rivas Troiti-

² Os exemplos das décimas ao longo deste traballo están tomados da edición paleográfica de Fernández Salgado (2017: 18-36). O número da décima vai encerrado entre ángulos: <D9>.

ño (1977). Así e todo, resulta tamén moi esclarecedora a biografía redactada ao outro ano da súa morte por María Francisca Isla, unha persoa de trato próximo a el, que foi incluída como anónima nas súas OPV (II: VII-XXI). Como afirmou García Cortés (2002), no Cura de Fruíme conflúen o sacerdote devoto, o ilustrado convencido, o literato neoclásico e un defensor e namorado da súa terra.

O motivo do envío da carta manuscrita queda desvelado nas cinco liñas iniciais do texto en prosa, tamén en galego, que preceden as décimas:

Zinquenta que lle dan a Dn. Diego Zernadas | cura de San Martin de Fruime, porque rabuñou | a certo cavaleiro co as Uñas dos seus Pes: | apreixanllas ben, para que non rasque a outro. E si o fai daranlle dozentas <TPI>.

Como se ve, a razón aducida polo *cavaleiro* é a de que Zernadas o “rabuñou”, verbo que debemos entender figuradamente e nun dobre sentido: isto é, *rabuñar* no senso de que o ‘feriu, criticou’ a el xa noutros escritos, como máis adiante se di; e tamén *rabuñar* no senso de que o ‘roubou, furtou, arrepañou’, de que obtivo algo del, pois era coñecida a sonda de Zernadas de ser un gran *pedichón* entre os *cavaleiros* e señores, co fin de conseguir diñeiro e bens para a Virxe das Dores de Fruíme. A devoción por esta Virxe e a promoción do seu culto convertéronse en obxectivo prioritario no labor pastoral de Zernadas, e nesa promoción van xogar un papel esencial os Petitorios que todos os anos Zernadas a partir de 1745 vai publicar co fin de conseguir, precisamente, financiamento para levalo a cabo.

O manuscrito custódíase actualmente no Arquivo da Fundación Penzol, en Vigo. No intre en que o descubrimos, no verán de 2011, estaba recuberto por un papel que anotaba en lapis “Noticia de D. Diego Zernadas”, xunto a outros documentos varios aínda sen catalogar nunha caixa etiquetada como CA-175 MS-CF. Aínda que as informacións son confusas, parece que este era material que a Fundación comprara a Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)³. Non é casual que a referencia a Álvarez Blázquez se relacione co manuscrito, pois como é sabido, ademais de escritor, poeta, narrador, arqueólogo e editor galeguista, publicou en 1959 a *Escolma de poesía galega II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*, onde recolleu textos galegos dos Séculos Escuros, ata daquela moitos deles

³ Pola información que me forneceu Henrique Monteagudo un día de conversa, ese material de Álvarez Blázquez ben podería ter entrado na Fundación Penzol sobre 1965.

descoñecidos. Entendemos, por tanto, que este documento sería atopado por el con posterioridade á publicación deste seu libro.

O manuscrito consiste nun caderniño cosido de catro follas sen numerar, de tamaño cuartilla, escritas con boa letra polo recto e polo verso: en total, oito páxinas. Vai encabezado, a modo de introdución, por un texto explicativo en prosa de 5 liñas de trazo grosso —que xa incluímos arriba—; séguenlle as cincuenta décimas distribuídas en dobre columna, separadas unhas doutras por unha raia; e péchao outro fragmento textual en prosa de 12 liñas, a xeito de colofón, en que o *cavaleiro*, malia todas as críticas e censuras que fai a Zernadas, acaba indicándolle que lle envía polo *dador* un *doblón* como esmola para que compre algún aceite e cera, desexándolle o ben, e instándoo a que non o volva criticar e que acepte as censuras que lle fixo:

Roga por min que anque | me desconoces, eu conocendote ouriñote, e rogo polo teu |
ben : ti de min non digas mal, e disimula o parado, e anque | chas dean sea no cu, ou na
cara, ou na espadua, Cala <TPF>.

O achado das *Cincuenta décimas* vén sumarse ao doutros inéditos, tamén deste século XVIII, que foron aparecendo e publicándose nas dúas últimas décadas. Referímonos a textos longos como a *Historia da Santa Igrexa de Iria*, editado por Arias Freixedo e Noia Campos (2011), ou o *Romance da urca de Santo Antón*, editado por Mariño Paz, Suárez Vázquez e Sánchez Yáñez (2012). Tamén se exhumaron ou publicaron novas lecturas de cartas e de poemas (Pardo de Neira 2000; Álvarez / Xove 2004; Mariño Paz 2007, 2014; Álvarez / Rodríguez Montederramo 2010; Mariño Paz / Suárez Vázquez 2012; Álvarez / Millán Rodríguez 2016); e foron aparecendo, así mesmo, novos textos dramáticos esquecidos, como os comentados neste propio volume por Suárez Vázquez e González Montañés. Todos eles veñen engadirse aos xa coñecidos de Sarmiento, de Sobreira, de Cornide, do Cura de Fruíme, dos irmáns Feijoo Montenegro ou de Noguerol. Unha boa lista de textos galegos dos séculos XVI, XVII e XVIII poden consultarse xa en liña no repositorio *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da idade Moderna*, que dirixen Álvarez e González Seoane (2017).

Os achados mencionados e o noso das *Cincuenta décimas* parecen poñer en cuestión a denominación tradicional de *Séculos Escuros* para esta época da historia da lingua galega, ou cando menos para o século XVIII. É certo que neste tempo

o uso da lingua galega na imprenta foi excepcional, mais quizais non o foi tanto en textos manuscritos. O galego se cadra tivo un *certo uso* na correspondencia (en prosa e verso) entre os estamentos eclesiástico, fidalgo e burgués autóctonos. Testemuñan isto a carta coas cincuenta décimas do *cavaleiro* a Zernadas, pero igualmente o romance da Urca (1777), presentado tamén como carta, a dirixida en verso por María Francisca Isla (c. 1774) ao Cura de Fruíme, ou as xa en prosa de Magdalena García de Ogando ao seu cuñado o Padre Sarmiento e a do testamento do galo de 1786. Pola súa vez, o galego usouse tamén en composicións poéticas circunstanciais, que eran enviadas con motivo dunha felicitación dos días, do santo, das pascuas ou por un simple recoñecemento de gratitude por algo. Destes envíos con composicións en galego, varios son da autoría do Cura de Fruíme, coma tal o brindé na consagración do bispo Riomol (1753) (OPV II: 42), os tercetos dirixidos aos Boán pola festa do San Xosé (1861), o agradecemento en forma de décima a un crego polo seu regalo (1767) (Pardo de Neyra 2002: 164, García Cortés 2002: 241-242), as trece décimas dedicadas á marquesa de Camarasa (1773) (OPV III: 314-318), ou as cinco que dirixiu ao chanfre Andrés Gondar polo seu santo (1775) (García Cortés 2002: 254-255, Pardo de Neyra 2002: 179-180). Semella, pois, que no círculo de Zernadas, onde cómpre incluír o noso texto das *Cincuenta décimas*, se cadra era máis habitual do que se poida pensar a correspondencia con inclusións de versos en galego. Ben é certo que en varias destas ocasións o uso do galego é xustificado polo emisor. Coma tal, fíxoo na primeira das décimas dirixidas á marquesa de Camarasa (c. 1773), onde lle di o Cura:

Co ò desexo de acordarvos, | que en Galicia ò seu funduxe | ten à vosa nobre fruxe | vou
 en Gallego à falarvos: | De esto non hay que estrañarvos; | antes ben, facendo gala | de
 esta nacion, estimála, | è si porque moyto dista, | non à conocès de vista, | conocedéa po
 la fala (OPV III: 314-318).

Non obstante, ningunha xustificación se fai no manuscrito das nosas décimas, polo que hai que inferir que as relacións en galego, mesmo na correspondencia escrita, entre o *cavaleiro* e o Cura eran algo *normal*.

3. O CONTIDO DAS DÉCIMAS

As décimas contra Zernadas cómpre encadralas, pois, no xénero epistolar privado en verso de carácter satírico-moralizador, ben característico do Neoclasicismo nas distintas literaturas europeas. As décimas convértense nun escenario en que o *cavaleiro* vai reprobando e satirizando distintos aspectos da vida de Zernadas; iso si, conforme ás normas do xénero satírico, con versos de moita graza e ironía, con habituais xogos de palabras tanto paronomásicos coma de duplos sentidos, e agochando a autoría en todo momento: todo é presentado dende a impersonalidade sintáctica (“din que”, “dice quen te acordou”, “diz xente”, “dis que”...), agás cando se refire ás críticas que o Cura lle dirixiu.

A censura máis contundente do *cavaleiro* diríxese contra a acción pastoral de Zernadas, sobre todo en dúas cuestións: os Petitorios que anualmente imprimía para conseguir diñeiro e cera para o culto da Virxe das Dores, e, consecuencia diso, o uso presuntamente irregular que o Cura facía do recadado.

Os Petitorios eran uns folletos, maioritariamente *xácaras*, de festivos versos en castelán que, dende 1745 e ata a súa morte en 1777, Zernadas publicaba todos os anos pola Candeloria (“no mes de frebeiro cucas”, dise na <D1>). Tiñan títulos moi rimbombantes⁴ e a súa autoría ía agochada en pseudónimos do propio Cura, os últimos deles como *Sacris* ou *Sacristán de Fruíme*, e os primeiros como *Capellán*, *Lázaro*, *Hermitaño* ou *Serrano*. Facíaos chegar aos cabaleiros e familias máis podentes da rodeada, sobre todo de Santiago, pero tamén de Betanzos e Pontevedra, e mesmo chegaban á Corte. Neles cabían asuntos diversos, ben que o máis habitual e importante era o pedimento dun xeito ocorrente de donativos para o culto da Virxe: cera, candeas, aceite, mantos... e, asemade, unha desculpa xustificada ante os posibles doadores por facelo insistentemente ano tras ano, reiteración que acabou por lle crear ao Cura fama de *pedichón* e de *estafador*⁵. No Petitorio do ano seguinte adoitaba facer gabanza dos que contribuíran con algo

⁴ Por exemplo, o de 1750 titulábase *El Lazarillo de Ciego desde la puerta de la pobre Ermita de los Dolores de Fruime se las canta á un amigo en tono de xácara, y le promueve á que le ayude á negociar limosna para el culto de la Madre Dolorosa* (OPV VI: 62-98).

⁵ Sirva de mostra que había un libelo que circulaba por Santiago en que se dicía: “Es tan imposible, como que el Cura de Fruime dexa de pedir” (OPV VI: 391). Que resultaba pesado (“petardo” din del) coa súa pedicha era recoñecido polo propio Cura, ben que isto facía tamén parte da propia retórica do Petitorio.

e facer mofa ou burla dos que non o facían. Destas críticas parece queixarse o *cavaleiro* nalgúns versos.

Pero os ataques do *cavaleiro* tamén se dirixen contra o uso que o Cura facía do recadado. Zernadas é acusado, velada e sutilmente, de roubar, furtar, de quedar coas velas (“Non falta quen con Verdad | di que das Velas que colles | as mellores as recolles” <D29>); de gastar a cera conseguida, por exemplo, en tabaco (“Asi Fruime descaixas | a Zera para ô tabaco” <D12>) e tamén en comidas (“a Zera ben a rebaixas, | e disque se bai nas Beas, | con Xantares ê coas Ceas” <D12>).

Pero non só reprende o Cura polo proveito que tira da cera; tamén o ataca por non ser claro sobre as verdadeiras rendas do beneficio do seu curato (“as tuas Rendas [...] | as enlutas e escondes | co à tinta das imprentas” <D12>) e, coma tal, tamén por non socorrer aos necesitados da parroquia nin de compartir con eles o recadado (“mentras que todo o que expulgas, | e ti mesmo te comulgas | a os probes non comunicas!” <D18>).

É tamén obxecto de mofa a faceta de poeta de Zernadas (“dechas a entender con musa, | que estabas metido en culto” <D7>). Son numerosas as ironías choqueiras sobre a má calidade dos seus versos (“Sempre compoñendo estas | solo con un a das musas, | das noue musas non usas” <D44>), sobre a súa *vena* poética (“desde que che ueu a Vena: | a tua Vena se exqrequena” <D16>) e sobre a súa vocación tardía como poeta (“que aínda Musa non sabias | dice quen te acordou Lego” <D6>). E critica, así mesmo, o feito de que use o tema da Virxe das Dores como estratexia para lles *rabuñar* diñeiro aos señores (“Heche un â accion fementida | que escandaliza, e desdora | pedir por nosa Señora | por pasares boa Vida” <D22>).

Pero sobre todo o *cavaleiro* reprende o Cura pola súa “Musa bufona”, polo pouco comedido que é nos seus escritos cando lle entra a *vena* (“dices de calquer Persona | o que se che uen a Voca” <D34>) e, en especial, amósase molesto porque el propio foi obxecto de burla por parte de Zernadas (“Mordesme en papeliños, | que leeron moitas Xentes” <D37>).

A rexouba do *cavaleiro* non remata aí, senón que se dirixe igualmente, sempre nun ton retranqueiro e burlego, á formación académica do Cura (“Diz xente non ignorante: | que saues, e que tes Letras” <D40>), á súa liñaxe (“Mira! Que ô mesmo Dios tentas | mentras Don, Don non explicas” <D18>) e mais a algunhas características físicas del, como a súa xordeira (“e que me prestes oídos, | anque

che falte ô oido” <D33>), ou a algún dos seus vicios, nomeadamente o tabaco (“sacando da Caixa un Taco | para as tomas de Tabaco | ô cobre en polbos desfas” <D11>).

4. CONXECTURAS SOBRE A AUTORÍA E A DATACIÓN

Sabemos moito do destinatario da carta; pero, do emisor? Como ben esixe o xénero satírico, en ningún momento o autor das décimas descobre o seu nome. E certamente, ata o de agora non demos sabido quen se agocha tras ese *cavaleiro* que con tanta graza censura o Cura de Fruíme. Con todo, si podemos ofrecer un perfil seu.

Unha lectura atenta das décimas transloce que se trata dun home, ademais *cavaleiro* —con tratamento de *Don*—, ben seguro que do estamento eclesiástico ou relacionado coa xurisprudencia, que trata de *ti* ao Cura —é dicir, un trato de igual ou superior a el—, e que mesmo o invoca como “Amigo Zernadas” (<D32>). Sabemos tamén que foi criticado polo Cura nalgúns escritos (“Eu chamoche Can; por què | con voces moi desacordes | me ladras a min, e mordes, | e me rabuñas cò ô pe” <D3>), que non era a primeira vez que mantiñan correspondencia (“Eu vexo que as tuas Rentas, | segun ô que me respondes [...]” <D18>) e que, como logo veremos cando falemos da datación, está aínda vivo arredor da década de 1760.

É tamén un *cavaleiro* que coñece polo miúdo a vida e o carácter do Cura: a súa etapa de adolescente (“Cando estabas en Santiago | estudante e sin corona” <D7>), que publica os Petitorios pola Virxe (“no Mes de Frebeiro cucas” <D1>), a súa fama e musa como poeta (“Como eres compositor | de Versos tan alauado, | para aquí ou outro lado | tes Versos para Compór” <D45>), o seu carácter arroutado e a facilidade que ten de *picarse* (“si ali algun te pica en Versos | compos moitos ê diuersos | mais he des pois de picado” <D39>) e mesmo a práctica de adscribirlle ao seu sancristán Carlos algúns dos seus escritos (“fas Decimas con Cautelas | como que he Carlos con fraudes” <D27>).

Sabe tamén da maneira de exercer o labor pastoral na súa parroquia de Fruíme (“E ultima mente dime, | e responde con acato: | en que gastas o curato | de Sn. Martin de Fruime?”), da súa devoción pola Virxe das Dores (“As Velas que aca che dan | para a Virxen, as encendes “ <D24>), da súa instrución en Letras (“Diz

xente non ignorante: | que saues, e que tes Letras “ <D40>) e, en fin, aspectos máis particulares, coma o vicio polo tabaco (<D12>), a falta de dentes (“que che falta | o dente” <PII, 4>), a súa corpulencia (“e lastima que un homazo | de tal Vena, e tal caudal” <D47>), a súa xordeira (“anque che falte ô oído” <D33>) ou a doenza nun brazo (“Queixabaste nun retazo [...] | non da falta da caueza | sinon da falta de brazo” <D47>).

Ademais, a musa e o estilo das décimas descubren un autor culto, bo versificador en galego e que se relaciona por escrito nesta lingua co Cura dun xeito *natural*, pois, como xa dixemos, en ningún momento aparece este uso xustificado, e mesmo os textos en prosa inicial e final tamén están en galego.

Alén disto, o estudo dos trazos dialectais do galego usado, que logo comentamos, remiten a un autor oriúndo de Compostela ou da súa contorna. Algunhas referencias toponímicas contidas nas décimas tamén parecen corroborar que o “acà” dos versos se refire a estas terras (“Espital” <D26>, “San Miguel” <D10>).

Polo de agora, a nosa investigación non deu froito canto ao descubrimento do nome deste *cavaleiro*. Porén, o que si podemos afirmar é que todos os datos remiten a alguén moi próximo a Zernadas, mesmo do seu círculo de amizades, pois a sátira e crítica contida nas décimas quizais non sexan tan fortes como nos poidan parecer hoxe; máis ben coidamos que non constitúen máis ca un exercicio poético de rexouba habitual naquela altura entre os cabaleiros, por ver quen amosaba mais agudeza e graza retranqueira nos seus versos; isto é, demostrar quen tiña o xenio máis pronto.

Poderíamos ofrecer algúns nomes, pero non deixarían de ser conxecturas. Bos versificadores contemporáneos de Zernadas, de estilo semellante ao das décimas e que ademais polemizaron con el, foron o cóengo santiagués Rioboo y Seixas e o rexedor de Santiago Rivera y Collazo, ben que non temos noticia de que compuxesen en galego. Si era —en palabras do propio Cura— bo versificador en galego o seu amigo Arcos, que vivía na Corte; a el dirixiulle varias composicións en galego, pero non temos noticia de que polemizase con el. En galego, e máis ben, tamén compuña Francisca Isla, pero era muller e as nosas décimas son dun *cavaleiro*. A José Hermida, das terras de Padrón, tamén lle dedicou Zernadas algúns versos en galego pedíndolle que se acordase da Virxe; foran amigos colexiais cando novos e nas nosas cincuenta décimas hai varias alusións aos “hermitaños”. Mais as décimas recollen igualmente varios xogos lingüísticos coa palabra

“pé”, e Rivera Collazo era coxo. Por outra parte, o v. 2 de <D1> (“apartate de obras Loucas”) lémbra-nos o v. 4 (“deyxate de ideas tolas”) da primeira décima da composición “Ay do Allo, Ay do Allo”, que Zernadas lle dirixiu a Rioboo y Seixas en 1752, durante a polémica con el. Polo de agora, só son conxecturas, posto que, alén dos citados, o autor ben podería ser calquera dos 150 destinatarios que anualmente recibían os seus Petitorios.

Finalmente, no tocante á súa datación, xa dixemos que o manuscrito carece de data, pero a referencia a Diego Zernadas nas primeiras liñas sitúao no século XVIII; e, máis concretamente, a mención aos Petitorios xa acoutan ese espazo temporal entre 1745 e 1777, anos en que se publican o primeiro e o último. Alén disto, pode axudarnos na datación a referencia ao sancristán Carlos, un dos pseudónimos de Zernadas, e o feito de que o *cavaleiro* se dirixa a un Zernadas cremos que xa de idade: sen dentes (“contenprando: que che falta | o dente, amais a Moa” <TPF>), xordo (<D33>) e cunha doenza nun brazo (<D47>).

Destas características, Zernadas comeza a chancearse e a queixarse delas sobre todo nalgunhas composicións e Petitorios datados da década de 1760 e dos de principio da de 1770⁶. Este é o período no que nos inclinamos a crer que se escribiron estas décimas.

5. A ESCRITA DAS DÉCIMAS

No tocante ao literario, as décimas, malia estaren escritas xa ben avanzado o século XVIII, translocen aínda un estilo ben barroquizante, quevediano, con constantes xogos polisémicos e homonímicos, dobres sentidos, usos figurados, paronomasias e ironía en moitas palabras e frases feitas que guían ao lector a equívocos e provocan un efecto humorístico. Sirva de mostra, por exemplo, a décima 21 en que se xoga coa paronomasia e a polisemia de *culto*:

Non tes que buscar escusa
para pedir a os señores
para a Virxen dos Dolores,

6 Hai referencia na súa obra á falta de dentes dende 1758, ben que comezan a ser moi frecuentes nas composicións dos anos finais da década de 1760 e de primeiros da de 1770. A doenza do brazo aparece nun poema datado en 1767.

que eu ben che entendo a *musa*
 de dar culto aa Virxen usa
 a fee tua, non he oculto
 ti eres culto, e dificulto
 si as Velas se gastaran
 no culto para que ban,
 ou si as consume o *Culto*.

Canto ao lingüístico, o galego usado ben se podería dicir que é o reflexo do que debía ser o tipo de lingua empregado (ou, quizais mellor dito, falado) entre os membros letrados (fidalgos, eclesiásticos, burgueses) da sociedade galega do século XVIII. É, por tanto, un patrón que cualificamos como de *galego culto*, porque tamén o autor o é, un modelo culto no que, como é esperable, encaixan elementos do galego tradicional (os maioritarios) —nalgúns casos con variantes conservadoras, noutras innovadoras—; elementos de carácter dialectal —proprios da zona da que supoñemos que é oriúndo o autor—; e, como non podía ser doutro xeito, con tamén outros de tintura popular, coloquial ou de ton informal, porque o xénero satírico no que se inscriben as décimas tamén o permite. Neste punto, o modelo de lingua das *Cincuentas décimas* contrasta cos patróns que espellan outros textos galegos longos do XVIII: culto nas nosas décimas; máis debedores dos rexistros coloquiais e populares, por exemplo, o *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (1747) de Sarmiento e o romance da Urca de San Antón (1777), aínda que xustificados estilisticamente nos dous casos. Sarmiento indica no prólogo: “Así pues, escogí yo este *metro* y el *estilo* pueril gallego para imitar la sencillez de la narrativa en voca de dos niños y dos niñas que se hallaron presentes al asunto” (Sarmiento 1995: 107). Pola súa parte, no romance da urca o narrador xustifícase nos primeiros versos por escribir en *galego castizo*: “e perdona á confianza | que che fale en este istilo, que como tí ben conoces que són Jallejo castizo | ao falarche en Castellano | sería un gran desatino” (Mariño Paz / Sánchez Yáñez / Suárez Vázquez 2012: 23).

Pola súa parte, a todos estes elementos tradicionais, dialectais e populares da lingua das décimas xa se unen algunhas interferencias do castelán: a outra lingua que neste tempo e nestes estamentos sociais xa comparte espazo co galego na oralidade habitual e é esmagadoramente maioritaria nos textos escritos e nos usos da

Administración, da educación e da Igrexa, nalgún caso en competencia co latín. Por exemplo, algúns usos gráficos que logo comentamos atopan a súa explicación na influencia da ortografía castelá, tamén daquela vacilante, que, xunto á latina, eran as únicas que se aprendían nas escolas e colexios da Galicia da Idade Moderna e, por ende, as que tamén aprendeu o autor das décimas contra Zernadas. Canto a isto, cómpre termos presente que en 1713 nacera a Real Academia Española e que un dos seus obxectivos foi tentar estender as súas directrices ortográficas, primeiro expresadas no proemio do *Diccionario de Autoridades* (1726) e logo nas varias edicións da súa *Orthographia*.

Finalmente, cómpre chamar a atención sobre o feito de que a variación léxica, morfolóxica e sintáctica que se dá nalgunha ocasión nos versos deriva da condición de estarmos ante un texto poético, na que tanto o fonolóxico coma o gramatical e o léxico se poden subordinar á rima, ao ritmo é a medida dos versos. Por exemplo, nas décimas alternan, en función das necesidades de medida do verso, a forma plena *queres* coma a sincopada *ques*: “si esta miña te prouoca | e a queres combatir” <D22>, pero logo “ê con Mocas ques ferirme | e focas no Corpo abrirme” <D37>. Tamén alternan a forma patrimonial *papeis* coa innovadora, e posiblemente castelansimo, *papeles*, neste caso por motivos de rima: “eres peor que os lebreles. | E a todos os teus papeles” <D2>, porén, logo “e todos os anos botas | papeis a rondar fortuna” <D26>. E son tamén razóns de rima o que, no exemplo que segue, provoca que o pronome átono *te* ocupe nun caso posición proclítica, atraído pola preposición, e dous versos despois vaia enclítico cando o infinitivo non é palabra en rima: “Que che dean aconsellas | Zera para te alumbrar | mais non ousan traballar | para alumbrarte as Avellas” <D30>. En fin, por veces, a distinta posición do clítico en perífrases verbais parece ter que ver co ritmo do verso, como sucede en <D13> e <D14>:

cala, que xa cho diran;
hanche de tocar a tiña:
hanche de dar â Rapiña
repicandoche ô *dan dan* <D13>

han de tocarche ô *din, din*
co a campana do *don, don*;
han de arrimarte a un Bordon
e hante de facer Pixin <D14>

5.1. A vacilación gráfica

No manuscrito conviven certos usos gráficos tradicionais con outros innovadores. Ademais, como era esperable, a ortografía é vacilante en moitos aspectos, con dúas ou tres grafías diferentes para as mesmas palabras e, nalgúns puntos, seguidista coa propugnada pola Real Academia Española nas varias edicións realizadas durante o XVIII da súa *Orthographia* (RAE 1741).

Coma tal, no manuscrito das *Cincuenta décimas* sobreviven certos hábitos ortográficos de vello que chocan a un lector actual. Os máis rechamantes son:

- Puntuación e uso de maiúsculas diferente ao actual; neste último caso, algún emprego parece ter valor diacrítico marcando inicio de palabra.
- Ausencia case total de acentos gráficos. Os que se usan son sobre todo circunflexos e graves: coma tal, o circunflexo é habitual, pero non sistemático, sobre <â> e <ô> cando son artigos, e nalgún caso con <ê> como conxunción copulativa; o grave marca nalgún caso tonicidade (*acà, dirà, estàs*) e noutros acompaña sobre todo a monosílabos (*vè, pè, què, hè*).
- Uso de tres grafías <u, v, b> para o fonema /b/, pero cun emprego moi vacilante e non sistemático: *boluer / voluer, bai / uai, sabe / saues, beuche / ueu, Beas / venas, Veneficiado, Bentre, Bentas, positibos, obos, avellas, auellos...*
- Empregos gráficos de antigo, como o de *haber* con <v> (*havia*) e tamén sen <h> (*eiche, axa...*); e do verbo *ser* con <h> cando é P3 do presente: *he* e *hè*.
- Restos de usos de grafías duplas, como o <ss> en posición intervocálica en *posesión, Missa* e *divissa*. Nalgúns casos o emprego é por cultismo, como o <mm> en *communicas* e *commedidos*; noutros é por reminiscencia clasicista grega, coma o <th> de *Methamorfosis* e *Thenente*, xa en ningún dos dous casos etimolóxico.
- Uso esporádico de <qu> aínda co valor de /ku/, como en *quales, cincuenta, adecuado*, quizais tamén en *Quadro*, e de <q> co de /k/ en *gente* e *exgrequena*.

- Empregos foneticistas de <z> ante <e, i> en *azeite*, *azeiteiro* e *azeitadas*, seguindo así a grafía etimolóxica, ben que o maioritario xa é a distribución <c+e, i> e <z+a, o, u>; nalgúñas palabras o uso é vacilante: *Cernadas / Zernadas*, *cera / zera*, *cincuenta / Zincuenta*. Coidamos que representan xa un son interdental [θ], pois nos casos de *seseo*, o autor empregou o <s>: *composision*, *teser* e *tesen*.
- Uso único das grafías <ñ> e <ll>, coma no castelán, para os fonemas palatais nasal (/ɲ/) e lateral (/ʎ/): *rabuñas*, *uñas*; *Palla*, *trillo*.

Pola contra, resultan innovadores, fronte ás grafías empregadas noutros textos da época, os tres seguintes aspectos:

- Emprego da única grafía <x> para o fonema prepalatal /ʃ/: *xa*, *xura*, *Caixeiro*, *rebaixas*, *Xantares*, *vexo*... Esta grafía mesmo aparece sistematicamente en casos de voces cultas ou de uso eclesiástico en que se podería esperar <g+e, i> ou <j> por cultismo ou por influencia da grafía castelá: *Virxen*, *Xupiter*, *virxinal*, *xusgas*, *sarxento*, *bruxulas*, *alaxas*...
- Uso de <n a> para representar a nasal velar /ŋ/ de *unha*, *algunha*: *un a*, *un â*, *algun â*.
- Emprego de <i> (e non <y>) para a semiconsoante [j] nos ditongos: *bai*, *sei*, *moi*...; *beixar*...

Por último, a representación gráfica das contraccións de preposicións e determinantes é moi vacilante: *do*, *no*, *delas*, *nelas*, *nun*, *deste*, *nestas*, *âo*, *aa*, *o*, *co*..., pero tamén *de un*, *en un*, *de ese*, *de algun*, *a os*, *â â*, *cô o*, *co â*...

5.2. Un galego tradicional de base culta

Como xa dixemos cando falamos da autoría, o autor das décimas é unha persoa culta, e iso fundamentámolo, por exemplo, no xeito de versificar, na elección dunha estrofa coma a décima ou nos hábiles xogos léxicos paronomásicos e polisémicos despregados ao longo das estrofas; mais tamén pola inclusión

de referencias literarias á mitoloxía grega, como á fonte Elicona en <D6> ou á transformación de Xúpiter en Castrón en <D7>, e mesmo por algunhas escollas gráfico-fónicas, morfosintácticas e léxicas.

5.2.1. Nivel gráfico-fónico

Coma tal, no plano gráfico-fónico, ademais da ortografía dalgunhas voces en que aínda quedan reminiscencias de grafías clasicistas, como as xa vistas con <th>, <mm> ou <ss>, emprega a grafía culta nos grupos consonánticos: *ficción, acción, dictamen, afecto, ignorante, transformación, constante, instante...*, e tamén o <x> en *explicas* e como ultracorrección en *expulgas, exgrime* e *exqrequeña*.

5.2.2. Nivel morfosintáctico

No plano morfolóxico, por exemplo, opta pola terminación culta ou semiculta en substantivos en *-cia*: *licencia, conferencia, desgracia, gracia*, ou *ciencias...*; en *-cio*: *sacrificio, orificio* ou *servicio*; e en *-ción, -sion*: *transformación, ficción, Ración, acción, compasión, posesión* ou *composición*. Neste punto, contrasta a elección culta do noso autor coa patrimonial *-zo, -za*, que se documenta noutros textos galegos do XVII e XVIII, e de *-zon*, que preferentemente usa Sarmiento nas *Co-plas*. Igualmente, nas décimas rexístranse terminacións cultas latinizantes en *-sis* (*methamorfosis*) e en *-en* (*dictamen, Virxen*).

Na morfoloxía nominal, para a formación do plural de palabras agudas rematadas en <-l>, o autor usa —canda a solución castelanizante *papeles* (por necesidades da rima)—, un actualmente insólito no galego compostelán *papeis* <D22>, que pode ser explicable por lusismo (ben que este trazo non aparece noutros aspectos) ou ben porque quizais nesta altura aínda convivisen os plurais en *-is* (*papeis*) xunta o de *papés*: a forma contracta sería a popular e a que mantén o ditongo sería a dos falantes cultos. Neste punto é salientable tamén o plural tradicional do monosílabo *mal* como *mas* <D15>, que tamén temos visto usado nalgunhas composicións do Cura de Fruíme; quizais o seu uso se deba a motivos métricos, pois noutros casos xa aparece o plural innovador en *-es* (*tales, quales*).

Así mesmo, dentro da morfoloxía verbal conviven formas tradicionais etimolóxicas con outras innovadoras —podemos pensar que quizais estas eran naquela

altura máis populares—: *chegache / chegaches* (as innovadoras con *-s* son maioritarias); *ten, mantén / teñen, manteñen* (para a P6); *queres / ques* (con implicacións métricas); *consomes / consumes* (a tradicional en posición de rima); *encerais, atais / metedes; dice, dices, diz / di, dis, din* (estas innovadoras xa maioritarias) etc.

Xa no nivel morfosintáctico podemos destacar tamén como trazo do galego culto o emprego do futuro de subxuntivo en tres ocasións: en dúas próteses condicionais (“si lendo estes meus termos | fixères xestos, ou mocas [...] | Chantame as *mocas nas focas*” <D37>; “si me atacares por diante, | boluereime por detrás” <D49>) e nunha cláusula de relativo (“co o que che sobrare, despois que compres | un a Arroba de Zera para nosa Señora” <TPF>). Faise igualmente uso en dúas ocasións do infinitivo flexionado (“por pasares boa Vida” <D22>, “era ben facerche *Cura* | e seres, crego Curado” <D48>), dunha construción pasiva (“Si a algun â festa algun dia | a xantar eres chamado” <D39>) e do antepretérito (*causara*) con valor de irrealidade, moi propio da lingua poética (“diria, non esta palabra, | ê que tampouco esta *obra*: | no me causara Zozobra | que no me alauen por ela” <D9>).

Chámalle tamén a atención a un lector actual o réxime preposicional tradicional dalgúns verbos que usa o autor das décimas, como sucede con *dificultar de + infinitivo* (“xa de crer non dificulto | aquela transformacion” <D7>), *meter en* (“que estabas metido en *culto*” <D7>) ou *gastar de* (“Eu non che gasto de Risa” <D19>). As décimas testemuñan tamén xa usos de complementos prepositivos con *en* con verbos transitivos, que resaltan aspectualmente unha acción atélica: *discurrir en* (“discurres en esto, e *Velas*” <D41>), *chupar en* (“por velas tan azeitadas | chupan nelas entenadas” <D30>) ou *contar en* (“e si as contas | leuas nelas que *contar*” <D50>). Noutros casos, a preposición achega un valor partitivo, como en *partir de* ‘dividir, repartir’ (“partirlles non presumes | do Veneficio” <D19>).

E canto á colocación do pronome, é de salientar un único caso da arcaizante interpolación do substantivo *don* (“que che *Dⁿ. dan* na tocata” <D5>) e dous exemplos co clítico anteposto ao infinitivo atraído por unha preposición (“fun piadoso eu en che dar” <D50> e “Que che dean aconsellas | Zera para te alumbrar | mais non ousan traballar | para alumbrarte as Avellas”), sen dúbida, como xa se comentou, nunha posición condicionada pola rima.

5.2.3. Nivel léxico-semántico

Xa no plano léxico, algunhas voces das décimas son adscribíbles ao rexistro coitado da lingua, coma o caso de *anhelar*, *afirmar*, *audaz*, *cautela*, *ciencias*, *dibulgar*, *fementida*, *importuna*, *ofuscar*, *orificio*, *proveída* ‘provista’, *provocar*... Mesmo algunhas delas son propias de ámbitos específicos coma o da xurisprudencia: *acato*, *apelar*, *caudal*, *causa*, *dictamen*, *fallo*, *fraudes*, *perxurar*...

Por outra parte, resultan claramente mostras de voces de celme enxebre formas coma *apreixar*, *aprontar*, *beixar*, *cobos* (‘colmeas’), *escudriñar* ‘examinar’, *dismo*, *disimular* ‘desculpar’, *focas* ‘furados, foxas, narices’, *fogo* (xunto tamén a hoxe máis común *lume*), *ouriñar* ‘examinar’, *prontas* (como adxectivo ‘preparadas’)...; e xa teñen sabor arcaizante casos como *achaque*, *arracadas*, *brandóns*, *dozentas* ‘duascentas’, *espadua* ‘as costas’, *presto*...

5.3. A pegada coloquial

O que acabamos de comentar non quere dicir que dentro dese modelo tradicional culto de lingua que usa o *cavaleiro* non haxa mostras do galego popular: existen porque o propio xénero satírico facilita usos coloquiais, por exemplo en acepcións figuradas dalgunhas voces nos constantes xogos polisémicos e tamén no campo da fraseoloxía, adoito na busca do equívoco que leve ao humor.

No plano fónico, por exemplo, o autor das décimas fai uso dunhas poucas voces sincopadas, como *Brao* (‘verán’) e as formas verbais *sabras* e *podras* (que tamén podería ser interpretables como castelanismos), con apócope como *quer* (por *quere*) e con metátese de vibrantes, como *Frebeiro*, *probes*, *encrobes*. Outras voces presentan fenómenos de tipo asimilatorio e disimilatorio, como *pidicha*, que convive no texto con *pedicha*, e *Espital*. Pero son moi poucos exemplos, e algúns usos mesmo se xustifican por razóns métricas ou rítmicas.

No plano sintáctico-pragmático o *cavaleiro* bota man en varias ocasións do chamado dativo de solidariedade, ben testemuñado noutros textos tamén do século XVIII: “Heche un â accion fementida | que escandaliza, e desdora” <D22> ou en “asi cho di Saudíña | o que pide en San Miguel” <D10>.

E xa no léxico, o *cavaleiro* emprega palabras que achegan matices festivos, ben por seren voces populares e expresivas, como *aborralladas*, *lamparons*, *expulgar*,

gaspachar, faramalla, mostafan, orellons, pelons..., ben polos usos figurados populares con que son empregadas, como *bentar, bufar, cucar, homazo, ladrar, mosca...* En especial, son abundantes as voces que figuradamente remiten a ‘roubar’, propias da xerga dos rateiros: *arañar, arrapañar, chupar, despavilar, levantar, limpar, pillar, rabuñar, rascar, recoller...* Estes usos léxicos coloquiais son evidentes nalgúns exemplos de fraseoloxía, ben populares moitos deles: *meter o rabo entre as pernas, coller ô vieiro, dar aceite, tocar o cuadro, vir á vela* etc.

5.4. A pegada dialectal

Xa adiantamos ao falarmos da autoría das décimas que os trazos dialectais que recollemos das décimas —partindo da situación xeolingüística do galego actual descrita no ALGa e en Fernández Rei (1990)—, parecen situar a variedade dialectal das décimas en Santiago de Compostela (a cidade é zona de transición entre o galego occidental e o central) ou na súa bisbarra. Esta zona aparece como área de posible procedencia do autor se nun mapa de Galicia sobrepoñemos as isoglosas actuais das seguintes voces que aparecen nas décimas:

- a seseante *teser* (ALGa 3: mapa 165)
- o plural de tipo *mans* (ALGa 2: mapa 68)
- o feminino *irmá* (ALGa 2: mapa 181)
- a variante en *-ao* de *Brao* (ALGa 3: mapa 23)
- o adxectivo *bo* (ALGa 3: mapa 28)
- a forma do pronome *ti* (ALGa 2: mapa 181)
- o ditongo *-oi-* de *moitas* (ALGa 2: mapa 271)
- a amálgama de *lles* e *o* en *llo* (ALGa 2: mapa 183)
- o adverbio *acá* (ALGa 2: mapa 313)
- o perfecto *fóches* de *ser* (ALGa 1: mapa 300)
- a forma verbal *volveche* (ALGa 1: mapa 51)
- o infinitivo *pór* (ALGa 1: mapa 328)
- a forma sincrética *vén* para a P6 de *vir* (ALGa 1: mapa 408).

Todos estes trazos levaríannos, como dixemos, á zona de Santiago de Compostela e, afinando máis, ás terras ao sur da cidade, cara ás ribeiras do Ulla. Un último trazo léxico fainos dirixir a mirada cara a esta zona: trátase da palabra *focas* ‘ocos, furados pequenos’ da décima 37 (“ê con Mocas ques ferirme | e focas no Corpo abrirme, | Chantame as *mocas nas focas*”). Este vocábulo *foco*, *foca*, de facermos caso do recollido no ALGa 6 (mapa 75: s.v. *oco*), localízase especificamente nos puntos C44, P3, P4 e P9, que nos levan a Santa Cruz de Rivadulla (o punto da Coruña), e a Baloiira e Callobre na Estrada e a Saiáns en Moraña, respectivamente. Por aquí quizais estivo a patria do autor.

5.5. A influencia do castelán

Referirémonos por último ás interferencias que xa se deixan sentir no galego das décimas por efecto do contacto co castelán. As máis evidentes son sen dúbida as léxicas, mais tamén hai xa algunhas gramaticais.

Así, deben ser atribuíbles á presión da gramática castelá un uso dun tempo composto (“pois sendo lego, ti Diego, | anque estudiado havias” <D6>), o xa comentado plural en *-les* de *papeles*, o adverbio *solo*, as preposicións *según* e *sin* e a conxunción condicional *si*. Poderían implicar casos de converxencia, a predilección do autor por formas coincidentes co castelán no caso dalgúns adverbios como *mentras*, *deprisa*, *entonces*, *mismo*... ou a conxunción *pero*.

No léxico, as décimas rexistran xa o castelanismo pleno en formas como *aldabadas*, *campana*, *comulgar*, *desdichadas*, *encender*, *feligresia*, *lego*, *limosna*, *Morciegalos*, *perdonar*, *sacristan*, *sangre*..., varias delas relacionados coa relixión. Algúns dos castelanismos veñen provocados pola necesidade da rima: *patrañas* para rimar con *arañas* <D42>; *verdad*, *voluntad* e *Soledad* <D29> para rimaren entre si; coma tamén *Hermitaños* e *engaños* <D11>, *fealdad* e *Abad* <D31> ou *estriullo* e *castillo* <D34>.

Nuns poucos casos, algunhas das voces léxicas tradicionais galegas xa comparten uso co maioritario castelanismo: un caso de *Deus* fronte a 4 de *Dios*; 2 de *candea* fronte aos máis de 10 de *vela* (se cadra xa con especialización de significados); un de *alomear* fronte a 2 *alumbrar*; e un de *beas* ‘veas’ fronte aos máis de 5 de *venas*.

6. CABO

A escaseza de textos escritos en galego no século XVIII acrecentan a valía destas *Cincuenta décimas* contra o Cura de Fruíme e obrigan a matizar afirmacións sobre o carácter anecdótico do uso do galego escrito nesta altura. Pero estas décimas non só son importantes pola súa datación (c. 1760-1777) nun tempo de escasa produción escrita imprentada, senón tamén polo tamaño do texto (502 versos); e aínda máis, polo feito de que se trata dun texto non só redactado totalmente en galego —outros textos da época poden presentar partes en castelán—, senón tamén dunha peza con calidade lingüística —nela emprégase un rexistro lingüístico culto; outros da época son textos de autores cultos que imitan o falar do pobo— e mais calidade literaria —o seu descoñecido autor é un *cavaleiro* que coñece a Arte literaria—. Todo isto fai das décimas contra Zernadas un texto transcendental para o coñecemento da escrita do galego medio.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa 1 = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1990): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 1: *Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- ALGa 2 = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 2: *Morfoloxía Non-Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 3 = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1999): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 4 = INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (2003): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. 4: *Léxico: Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1959): *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ, Rosario / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/gondomar/>> [Consultado: 14/06/2018].
- ÁLVAREZ, Rosario / Francisco MILLÁN RODRÍGUEZ (2016): «O Pranto da Frota, por unha ninfa galega (c. 1702). Tradición manuscrita, autoría, edición e estudo», *Cuadernos de Estudios del Siglo XVIII* 26, 233-270. <<https://doi.org/10.17811/cesxviii.26.2016.233-270>>.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERAMO (2010): «Un novo testemuño da glosa a 'Adán no pudo pecar', do cura de Fruime», *Boletín da Real Academia Galega* 371, 309-332. <https://academia.gal/documents/10157/30509/BRAG_371.pdf>.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (2004): «Un testamento do galo de 1786», en T. AMADO RODRÍGUEZ *et al.* (eds.), *Iucundi acti labores. Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*. Santiago de Compostela: Universidade, 501-525.
- ARIAS FREIXEDO, Bieito / Camiño NOIA CAMPOS (eds.) (2011): *Pedro de Otero Romero y Torres. Historia da Santa Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*. Vigo: Universidade.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé A. (2017): *Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas: edición e estudo dun novo texto en galego do século XVIII*. Santiago de Compostela: Edicións Laivento.
- GARCÍA CORTÉS, Carlos (2002): *O cura de Fruime Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777)*. Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelano.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2007): «Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruime (ca. 1774-1777)», *Revista Galega de Filoloxía* 8, 57-98.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2014): «A carta en galego de Magdalena García de Ogando a Martín Sarmiento», *Madrygal* 17, 67-79. <http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2014.v17>.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): «Luís de Losada e o pranto galego pola morte de Luís I de España (1724)», *Boletín da Real Academia Galega* 373, 325-360.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- OPV = Diego Antonio ZERNADAS Y CASTRO (1778-1781): *Obras en prosa y verso del cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*. Madrid: D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M. [t. I e II: 1778, t. III e IV: 1779, t. V e VI: 1780; t. VII: 1781].

PARDO DE NEIRA, Xulio (2000): «Tres inéditos do Cura de Fruíme. Contribución ao corpus lírico da Galicia do século XVIII», *Boletín Galego de Literatura* 23, 189-203.

PARDO DE NEIRA, Xulio (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laivento.

RAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1741): *Orthographia Española*. Madrid: Imprenta de la Real Academia Española.

RIVAS TROITIÑO, José Manuel (1977): *Diego Antonio Zernadas y Castro. Un precursor del galleguismo*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.

SARMIENTO, Martín (1995): *Coloquio de vinte catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.